

CONVENIO ADMINISTRATIVO ENTRE O CONCELLO DA CORUÑA, A CONSELLERÍA DE SANIDADE, E SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, E A FUNDACIÓN CENTRO ONCOLÓXICO REXIONAL DE GALICIA “JOSÉ ANTONIO QUIROGA Y PIÑEYRO” PARA A TRAMITACIÓN DUNHA MUTACIÓN DEMANIAL SUBXECTIVA, A FAVOR DO CONSORCIO ONCOLÓXICO DE GALICIA, DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DO “HOSPITAL MUNICIPAL LABACA”

31 de agosto de 2023

REUNIDOS

Dunha parte, **D^a. Inés Rey García**, Alcaldesa do Concello da Coruña, co CIF P-1503000-J, en uso das facultades de representación conferidas polo artigo 124.4 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, que o fai en representación do Concello da Coruña, en execución do acordo da Xunta de Goberno Local de data 24.04.2023, de conformidade co disposto no artigo 121 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, e na Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do sector público, Disposición Adicional 2^a, apartados 9^o e 11^o, asistida da Oficial Maior, _____, en virtude das funcións de fe pública que lle corresponden de conformidade co apartado d) da disposición adicional oitava da Lei 7/1985.

Doutra parte, **D. Julio García Comesaña**, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo adscrito á dita consellería, actuado en nome e representación deste último, no exercicio das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e de conformidade co establecido no Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, estando adscrito o Consorcio Oncolóxico de Galicia á Consellería de Sanidade dende o momento mesmo da súa constitución, como establece o Decreto 141/2008 de constitución e regulación da composición e funcións deste.

Doutra parte, **D. José Luis Calvo Pumpido**, actuando no nome e na representación da Fundación Centro Oncolóxico de Galicia, co CIF G-15124704, en virtude da súa condición de Presidente nomeado por acordo da xunta xeral extraordinaria celebrada o 22.05.2019, acordo elevado a público o 28.05.2019 ante o notario da Coruña D. _____ co número 2.390 do seu protocolo.

As partes intervenientes recoñécense capacidade legal para outorgar o presente convenio, e para estes efectos,

EXPOÑEN

I.- O Concello da Coruña é o propietario da parcela de referencia catastral 9585501NH4998N0001ZR cunha superficie de 12.942m², na que se atopan, entre outros, inmobles de uso Sanitario e espazos destinados a aparcadoiro cunha superficie de 8.600m², hospital denominado “Hospital Labaca”, ben de dominio público.

A parcela e os inmobles que contén, foron adquiridos en escritura pública outorgada o 28.01.1950 ante o notario da cidade co número 160 do seu protocolo.

II.- O Pleno do Concello da Coruña, en sesión celebrada o 14.05.1986, adxudicou un concurso para a concesión administrativa do Hospital Labaca, a favor da Asociación Española Contra o Cancro (A.E.C.C.), cunha duración da concesión de cincuenta (50) anos contados a partir da data de notificación da adxudicación, fixándose un cánon da concesión e aprobándose un concerto entre o Concello da Coruña e o Centro Oncolóxico Rexional da A.E.C.C., formalizándose o contrato o 30.05.1986.

III.- O patrimonio de dita Asociación correspondente ao Centro Oncolóxico Rexional da AA.CC. foi asumido pola Fundación Centro Oncolóxico Rexional de Galicia “José Antonio Quiroga y Piñeyro”, segundo escritura pública outorgada o 24.04.1987, sendo a partir deste momento a Fundación Centro Oncolóxico de Galicia o concesionario do Hospital Labaca.

IV.- O Pleno Municipal, en sesión celebrada o 07.07.2003, acordou a formalización dun convenio entre o Concello e a Fundación Centro Oncolóxico Rexional de Galicia “José Antonio Quiroga y Piñeyro”, para a prevención de tumores entre o persoal municipal, incluídos os membros da Corporación, así como a realización dun estudo anual sobre un rexistro poboacional de tumores no ámbito da Coruña, que se materializou nun convenio suscrito o 19.04.2004, cun prazo de vixencia de dous anos, prorrogable, e que en virtude de sucesivos acordos municipais dos órganos competentes mantivo a súa vixencia ata o 07.03.2021, sendo prorrogado a partir desa data tacitamente, e manténdose nos convenios referidos a prevención de asistencia oncolóxica ao persoal municipal e as súas unidades familiares e o mantemento do rexistro poboacional de tumores.

V.- O Pleno do Concello da Coruña, en sesión celebrada o 15.01.2008, acordou a aprobación dun Convenio para a prestación da asistencia sanitaria especializada en materia oncolóxica a subscribir entre a Consellería de Sanidade, o SERGAS, o Concello da Coruña e a Fundación Centro Oncolóxico Rexional de Galicia “José Antonio Quiroga y Piñeyro”, para a promoción e constitución dun Consorcio Sanitario Público, aprobándose o proxecto de estatutos do mesmo.

A Comisión Permanente do Centro Oncolóxico de Galicia “Jose Antonio Quiroga y Pineyro”, na súa reunión do 16.04.2007, acordou por unanimidade aprobar os estatutos do Consorcio Oncolóxico de Galicia.

VI.- O Convenio subscribiuse finalmente o 08.05.2008, con vixencia indefinida, e nel, fixéronse os compromisos asumidos respecto á contribución ao sostemento do Consorcio pola Consellería de Sanidade, o SERGAS, a Fundación Centro Oncolóxico Rexional de Galicia “José Antonio Quiroga y Piñeyro” e o Concello da Coruña, sinalando expresamente o seguinte:

“d) O Concello da Coruña autorizará o uso compartido (Fundación Centro Oncolóxico e Consorcio) do inmovible e terreos onde se abica o Centro Oncolóxico de conformidade coa normativa que lle resulte de aplicación”.

VII.- A constitución do Consorcio Oncolóxico de Galicia e os seus estatutos aprobáronse mediante o Decreto 141/2008, do 19 de xuño da Xunta de Galicia (DOG nº 134 do 11.07.2008) por acordo do Consello da Xunta de Galicia da mesma data, e configurándoo como:

- *Un instrumento executivo de esforzo combinado entre as entidades que o integran coa finalidade do aproveitamento eficiente de todos os recursos sanitarios en materia de oncoloxía, de modo que se lles garante aos cidadáns unha asistencia integral, de calidade e en condicións de igualdade.*
- *Baixo a forma de entidade de dereito público, de natureza institucional e base asociativa, dotada de personalidade xurídica plena e independente dos seus membros, con toda a capacidade xurídica e de dereito que se require para a realización das súas finalidades.*

VIII.- O apartado 2 do artigo 5 dos Estatutos do Consorcio sinala que *“...en consecuencia, o Consorcio, por medio dos seus órganos representativos, a parte das facultades que como entidade de dereito público correspóndenlle, poderá adquirir, posuír, reivindicar, cambiar, gravar e transmitir toda clase de bens, celebrar contratos, asumir obrigacións, interpoñer recursos e exercitar as accións previstas nas leis. Será de aplicación o disposto na Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, así como no Decreto 50/1989, do 9 de marzo, polo que se aproba o regulamento para a execución da devandita lei...”* (norma substituída pola Lei 5/2011 do 30 de setembro, que mantén a vixencia do Regulamento no que non a contradiga).

IX.- O apartado 2 do artigo 25 dos Estatutos do Consorcio sinala que ***“...poderán adscribirse ao consorcio bens e dereitos, sen que isto implique a transmisión do dominio.*** Os bens e dereitos adscritos figurarán no balance da entidade polo seu valor de cesión e separadamente daqueles que fosen adquiridos ou se adquiran no exercicio da actividade do Consorcio...” e o apartado 5 sinala que *“...as entidades que participan no Consorcio poderán poñer ao dispor do propio Consorcio bens patrimoniais para o mellor cumprimento das actividades propias do Consorcio, de conformidade coa súa normativa específica e co disposto no Regulamento de réxime interior do Consorcio. Será de aplicación a Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma galega...”*, norma substituída pola Lei 5/2011 do 30 de setembro, do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia que na súa

disposición adicional duodécima recolle que *“O patrimonio dos consorcios autonómicos regularase polos seus estatutos”*.

X.- A disposición adicional segunda da Lei 5/2011 do 30 de setembro, do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia sinala que serán aplicables ás entidades que integran a Administración local do ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia o disposto nos artigos 17, 25 e 29 da presente Lei, prevéndose especificamente a mutación demanial entre as entidades públicas da mesma, sen transferencia de titularidade nin cambio da súa cualificación xurídica.

XI.- A normativa básica en materia de réxime xurídico do sector público sinala, como un dos principios reitores das relacións interadministrativas, o principio de cooperación.

Conforme aos artigos 143 e 144 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as Administracións cooperarán ao servizo do interese xeral de acordo coas técnicas que consideren máis axeitadas, como as actuacións de cooperación en materia patrimonial previstas na lexislación patrimonial.

A formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos de órganos de cooperación ou en convenios nos que se establecerán as condicións e compromisos que asumen as partes que o subscriben.

XII.- Así mesmo, o artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público establece que as Administracións públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculadas ou dependentes, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios con outros suxeitos de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión da titularidade da competencia, e que deberán mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

XIII.- Polo acordo plenario municipal do 15.01.2008 e coa incorporación do Concello ao Consorcio Oncolóxico de Galicia e de acordo co Decreto 141/2008, e como consecuencia da autorización do uso compartido do inmovible e dos terreos onde se atopa o Centro Oncolóxico, xa se tería producida, materialmente, a integración da concesión administrativa existente ao Consorcio e unha novación parcial, modificando obxectivamente o seu contido, xa que e respecto dela, e co acordo das partes, asumíuse a novación ao autorizarse o dito *“...uso compartido do obxecto da concesión...”*, motivo polo que as partes entenden procedente a integración xurídica nun marco máis coherente.

Por todo elo e en atención ao interese común, e guiados por razóns de interese público e conformando unha canle para a satisfacción con eficacia dos fins comúns, sen necesidade de crear estruturas burocráticas con custes engadidos e disfuncións, as partes acordan a firma do seguinte convenio para a mutación demanial subxectiva desde o Concello da Coruña a

favor do Consorcio Oncolóxico de Galicia dos dereitos e deberes derivados da concesión administrativa do Hospital Labaca coas seguintes

CLÁUSULAS:

Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é a regulación da adopción dos acordos e procedementos para a instrumentalización da mutación demanial subxectiva por parte do Concello da Coruña, a favor do Consorcio Oncolóxico de Galicia, que conlevará a subrogación do Consorcio na posición de ente concedente e, polo tanto, no conxunto de dereitos e deberes derivados da concesión administrativa da parcela municipal denominada "Hospital Labaca", outorgada á Fundación Centro Oncolóxico de Galicia "Jose Antonio Quiroga e Piñeyro" e descrita a continuación:

- Localización: Rúa Doctor Camilo Veiras 1, 15009, A Coruña, "Hospital Labaca".
- Descrición: parcela construída sen división horizontal, cunha superficie aproximada de 8.732,00 m² na extensión entre a rúa Doutor Camilo Veiras e a Avenida de Monsterrat, e unha superficie aproximada de m² na extensión entre a rúa Doutor Camilo Veiras e a Avenida da Pasaxe.
- Referencia catastral: 9585501NH4998N0001ZR
- Inscripción rexistral: finca 9.785 da sección 2ª, Libro 137, folios 231 a 234. Rexistro da Propiedade nº 6 da Coruña.

Sobre dita parcela, comprensiva dos inmobles, instalacións e equipamentos nela situados, outorgouse concesión administrativa o 14.05.1986 (formalizada o 30.05.1986) por un período de 50 anos a favor da Asociación Española contra o Cancro (AA.CC), na que se subrogou a Fundación Centro Oncolóxico de Galicia "Jose Antonio Quiroga y Piñeyro".

Segunda.- Obrigas das partes

1. Por parte do Concello da Coruña, no acordo que se adopte contemplárase

- Ceder os dereitos e deberes inherentes á concesión administrativa sobre a parcela da cláusula primeira a favor do Consorcio Oncolóxico de Galicia ata o remate do período concesional, continuando coa prestación dos servizos públicos que se veñen realizando no inmovible descrito na cláusula que antecede.

- Facilitar a partir do remate do dito prazo, e no caso de que o destino e o uso da parcela, edificio e equipamentos sexa o que se lle está dando na actualidade, a realización ben dunha nova concesión administrativa, ben dun novo acordo de mutación demanial, a favor do Consorcio Oncolóxico de Galicia ou no seu caso da entidade que o substitúa, sempre que siga sendo unha entidade de natureza xurídico pública.
- A formalización da acta de entrega e recepción ao Consorcio.

2. Por parte do Servizo Galego de Saúde, no acordo que se adopte contemplárase:

- Manter os compromisos derivados da súa condición de parte integrante do Consorcio Oncolóxico de Galicia, establecidos nos Estatutos de dito Consorcio.

3. Por parte da Fundación Centro Oncolóxico de Galicia “Jose Antonio Quiroga y Piñeyro”, no acordo que se adopte contemplárase

- Manter os acordos vixentes ata a data na súa calidade de concesionario do Concello da Coruña da parcela, inmobles e equipamentos sinalados na cláusula primeira, en particular os relativos a:
 - o Manter a prestación da asistencia sanitaria en materia oncolóxica aos traballadores municipais, aos membros da Corporación e as súas unidades familiares.
 - o Manter o rexistro poboacional de tumores da área da Coruña.
- Continuar asumindo os gastos derivados da conservación e do mantemento da parcela, inmovible e instalacións sinalados na cláusula primeira, así como dos novos adquiridos ou incorporados a partir da firma deste Convenio.
- Satisfacer todos os impostos e os demais tributos asociados á parcela, inmovible e instalacións sinalados na cláusula primeira.

4. Por parte do Consorcio Oncolóxico de Galicia, no acordo que se adopte contemplárase:

- A formalización da acta de recepción xunto co Concello.
- Asumir a vixilancia e o cumprimento dos acordos recollidos na concesión administrativa outorgada polo Concello.
- Promover a continuidade e non variar o destino da prestación oncolóxica que se ven realizando no edificio e nas instalacións obxecto da concesión administrativa recollida na cláusula primeira.

- Respetar o mantemento da asistencia oncolóxica ao persoal municipal que se vén realizando de forma ininterrompida desde o ano 2004, formando parte dos dereitos socialmente adquiridos do dito persoal.

Terceira.- Causas da resolución e de finalización da mutación demanial subxectiva

No acordo municipal establecerase que se a parcela, os inmobles e os equipamentos non fosen destinados ao uso público que motiva a mutación demanial obxecto deste convenio, ou deixasen de estar posteriormente, considerárase resolto a mutación demanial subxectiva tramitada adquirindo o Concello da Coruña o dereito a percibir do Consorcio Oncolóxico, previa taxación pericial, o valor dos detrimentos experimentados no seu caso.

En todo caso, serán causas de resolución as seguintes:

- O mutuo acordo entre as partes.
- O incumprimento das obrigas sinaladas na cláusula segunda por calquera das partes asinantes.
- A modificación do destino dado aos bens obxecto da mutación demanial.

Cuarta.- Vixencia

O convenio entrará en vigor na data da súa firma, extinguíndose pola súa resolución, pola súa conclusión ou polo seu cumprimento. O cumprimento deste convenio entenderase efectuado, cando se teña producido a formalización polas partes das actas de entrega e recepción da concesión.

Unha vez extinguido ou resolto este convenio, produciranse os efectos establecidos no artigo 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público.

Se á resolución deste convenio existen actuacións en curso de execución, as partes poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas nos termos establecidos na mesma Lei.

Quinta.- Prazo

Establécese un prazo de duración deste convenio de catro anos, prorrogable por outros catro anos adicionais por acordo das partes asinantes.

Sexta.- Comisión de seguimento

As partes acordan nomear unha comisión de seguimento formada por tres representantes, un do Concello da Coruña, outro da Fundación Centro Oncolóxico de Galicia “Jose Antonio Quiroga y Piñeyro”, e outro da Consellería de Sanidade e Servizo Galego de Saúde.

Por parte do Concello da Coruña será membro da comisión a Alcaldesa-Presidenta, ou persoa na que delegue.

Por parte da Fundación Centro Oncolóxico de Galicia “Jose Antonio Quiroga y Piñeyro” será membro da comisión o seu Presidente, ou persoa na que delegue.

Por parte da Consellería de Sanidade, e Servizo Galego de Saúde, o Conselleiro de Sanidade, ou persoa na que delegue.

A comisión velará polo bo funcionamento dos acordos adoptados no marco deste Convenio, reunirse ao menos unha vez ao ano e non recibirá retribución algunha polo desenvolvemento da súa función.

Sétima.- Modificación

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo de 4 anos previsto no artigo 49 da Lei 40/2015.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Oitava.- Publicidade

Este convenio será inscrito no Rexistro de Convenios da Xunta da Galicia e publicado no Diario Oficial de Galicia, tal e como dispón o art. 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Novena.- Lexislación aplicable

Este convenio é de natureza administrativa, rexéndose polo disposto no Capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

As partes, con renuncia expresa a calquera outro foro que puidese corresponderlles, someteranse para todas as cuestións que poidan xurdir en relación co presente Convenio aos Tribunais da Coruña.

En proba de conformidade as partes asinan electronicamente o presente Convenio, constando como data de sinatura a última realizada.

O CONSELLEIRO DE SANIDADE,
E PRESIDENTE DO SERVIZO
GALEGO DE SAÚDE

O PRESIDENTE EXECUTIVO DA FUNDACIÓN
CENTRO ONCOLÓXICO REXIONAL DE GALICIA
“JOSÉ ANTONIO QUIROGA Y PIÑEYRO”

D. Julio García Comesaña

D. José Luis Calvo Pumpido

A ALCALDESA DO CONCELLO
DA CORUÑA

D^a. Inés Rey García